



ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: MARCO LEGAL

“El sistema educativo actual solo valora unas pocas cualidades del individuo sin tener en cuenta nuestra gran riqueza que es nuestra **diversidad**. En definitiva se empeña en hacernos iguales cuando la naturaleza nos quiere distintos. También, no nos enseña de forma adecuada el mundo que nos rodea y entenderlo es esencial para ser más libres. Es por ello necesario un cambio radical de formas y contenidos en la enseñanza donde se pueda quitar partido a los aspectos positivos que todos tenemos y nos ayude a cultivar valores y cualidades para hacernos mejores ciudadanos, más justos, responsables y felices”.



Profesor Ángel Carracedo Álvarez. Presidente de la Fundación INGADA

DECRETO 229/2011

“Alumando con necesidade específica de apoio educativo aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais (ANEE), por dificultades específicas de aprendizaxe (ADEA), por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar”



ATENCIÓN
A
DIVERSIDADE

DIVERSIDADE:

- Elemento enriquecedor
- Principios de normalización e inclusión

Art. 3:
“Conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado”



MEDIDAS ORDINARIAS

ART. 8



“Facilitan a adecuación do currículo prescriptivo sen alteracións significativas dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado”

- **Adecuación da estrutura organizativa do centro e da aula ás características do alumnado** (horarios, agrupamentos, espazos,...).
- **Adecuacións das programacións didácticas.**
- **Adaptacións dos tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación.**
- **Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.**
- **Programas de reforzo nas materias instrumentais, de recuperación, específicos personalizados, de habilidades sociais,...**
- **Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos.**



MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

ART. 9



- Son aquelas que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización
- Necesitan autorización da Dirección do Centro, do Servizo de Inspección Educativa, da Xefatura Territorial ou da Dirección Xeral que proceda, e se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.
 - **APLICARANSE UNHA VEZ ESGOTADAS AS DE CARÁCTER ORDINARIO OU POR RESULTAREN ESTAS INSUFICIENTES.**
- Adaptacións Curriculares
- Apoio de P.T e/ou A.L
- Flexibilización do período de escolarización
- Grupos de adquisición das linguas
- Grupos de adaptación da competencia curricular

DECRETO 105/2014

EVALUACIÓN. Art. 12

- Referentes: Criterios de avaliación, estándares.
- Medidas de R.E. Adoptaránse tan pronto como se detecten as dificultades
- Obxectividade: para garantir que os centros deberán facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, estándares avaliados, estratexias e instrumentos de avaliación e os criterios de promoción.

PROMOCIÓN. Art. 13

- Poderá repetir unha soa vez. Estableceráse un plan específico de reforzo ou recuperación.
- Repetición. Medida de carácter excepcional, **tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reorzo e apoio.**

ATENCIÓN A DIVERSIDADE. Art. 15, Art. 16

- A acción educativa terá en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Ponse énfase na atención á diversidade, na atención personalizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe mediante diagnósticos precoces, e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten as dificultades.
- No articulo 16.2 faise referencia ás medidas que garantan que **as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con NEAE.**

TITORÍA. Art. 17

Os titores informarán regularmente ás familias, sobre o proceso educativo, as cualificacións, e a información relativa ao seu proceso de integración socio-educativa.

ORDE DO 9 DE XUÑO DE 2016.

AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE E.P

AVALIACIÓN INICIAL. Art. 4

- Ten como finalidade adecuar as ensinanzas ao alumnado, facilitar a súa progresión no proceso de aprendizaxe, e obter información sobre o grado de desenvolvemento das competencias clave.

REPETICIÓN. Art. 6

- Poderá repetir só unha vez. Adoptarase, oídos os pais, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio. Se promoción con algunha suspensa deberá seguir un plan de recuperación.

ALUMNADO CON NEAE. Art. 7

- Establecerase a adaptación das condicións de realización da avaliación, garantindo a obtención da información referente á aprendizaxe.

OBXECTIVIDADE DA AVALIACIÓN. Art. 9

- Os centros adoptarán as medidas precisas para informar ó alumnado e as familias acerca dos contidos e dos criterios de avaliación, dos estándares, das estratexias e dos instrumentos, así como dos criterios de cualificación e promoción.

INFORMACIÓN E PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS. Art. 10

- Finalizada a sesión de avaliación o profesorado informará por escrito dos resultados, da súa evolución académica e das medidas propostas para o reforzo e/ou recuperación se fose o caso.
- Os pais terán acceso á consulta dos documentos oficiais de avaliación, e aos instrumentos e documentos das avaliacións que lles realicen aos seus fillos.

DECRETO 86/2015 DO 25 DE XUÑO

Art. 5.2

- Os centros desenvolverán as medidas de atención á diversidade coa finalidade de atender a todo o alumnado. Arbitrarán métodos que teñan en conta os distintos ritmos de aprendizaxe.

Art. 6.1

- As familias terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e aos exames e documentos de avaliación que lles realicen aos seus fillos.

Art. 7. Alumnado con NEAE

- Establecemento de medidas curriculares e organizativas.
- Establecemento das condicións de realización das avaliacións que se adapten ás necesidades do alumnado con NEAE.
- Identificación, valoración e intervención de este alumnado.

Art. 11

- A intervención educativa terá en conta a diversidade do alumnado. Os mecanismos de reforzo poranse en práctica tan pronto como se detecten as dificultades de aprendizaxe.

Art. 21

- Fai referencia á avaliación.
- Cando o progreso dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo.
- Obxectividade da avaliación. Deberanse facer públicos criterios, estándares, estratexias e instrumentos de avaliación e os criterios de promoción.

Art. 23

- A repetición é unha medida de carácter excepcional, se adoptará agotadas as ordinarias de reforzo e apoio.
- Estableceranse medidas de reforzo educativo. A súa aplicación revisarase periódicamente e ao finalizar o curso académico.
- Cando un alumno teña que repetir curso estableceranse planes específicos personalizados, orientados a superar as dificultades detectadas no curso anterior.

RESOLUCIÓN DO 15 DE XULLO DE 2016

Art. 6

- Exención de francés. A decisión recae no director oídos os pais, logo do informe do titor/a do curso anterior coa colaboración do Departamento de Orientación.